


Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

Unha exposición organizada
pola **Deputación da Coruña**.
Normalización Lingüística



Retrato de Carvalho Calero por Tomás Barros, 1949.

Panel 1

Día das Ricardo
letras Carvalho
galegas Calero

1

«Eu nascín no Ferrol Vello»

3 de Xaneiro de 1931:

Gabriel

Xosefina

Gabriel Carballo Naya

Dolores

Ricardo Carvalho Calero



O 30 de outubro de 1910 nace Ricardo Carvalho Calero en Ferrol, no barrio vello, unha antiga vila mariñeira. Mais a cidade que el viviu había tempo que estaba marcada polo ritmo do Arsenal e os estaleiros, a carón dos que medrou unha burguesía á que pertencía a súa familia. Foto: a praza de Armas arredor de 1900.

Ferrol, 1916

Cinco duros pagábamos de aluguer.
Era un terceiro andar, ben folgado.
Pola parte de atrás daba ao Campiño,
e por diante à rua de San Francisco.
[...]



Ainda vivía a miña nai
e todos os meus irmáns vivían,
[...]
e o meu pai era novo aínda
e no mar do mundo cada día descubría eu unha illa.
[...]
Eu tiña un pacto con Deus:
que ninguén dos meus morrería.
E o pacto era observado,
e eu confiaba na perenidade do pacto.

Todo isto fica tan longe
que aduro podo aínda lembrá-lo.
Esquecería-o dentro de pouco tempo
se non escribese estes versos.

— R. C. C. *Futuro condicional* (1961-1980). 1982

JARAY
FERROL



Dolores e Gabriel

Ricardo lembra ao seu pai, home de negocios con éxito, “cun temperamento inestábel, singelo, bon, tenro... de espírito delicado”. A nai, forte e afectuosa, quen lle ensinou a ler, finou cando él tiña oito anos, e iso marcou unha infancia triste e certos trazos melancólicos do seu carácter.

¿En qué recanto do tempo está soterrado o cadáver da miña infancia? [...]

Eu, neno, matei a miña infancia

R.C.C. *Vieiros*. 1931

«Eu nascín no Ferrol Vello»



■ Casa natal de Ricardo Carvalho Calero no número 51 da rúa San Francisco de Ferrol Vello. A parte posterior da casa daba ao mar. Foto: Eduardo Rivas

Via o mar desde a miña fiestra, e chegaban cornetas da mariña. E baixaba os degraus duas veces ao día para ir à escola, e duas veces rubia-os de volta.

R.C.C. *Futuro condicional* (1961-1980). 1982



Teatro Jofre

“A minha afeición ao teatro data dos meus anos infantís. Os meus pais [...] acudiam sistematicamente ao teatro Jofre cando o seu cenário nos brindava algun espectáculo”

R.C.C. *Sobre o seu teatro. Letras galegas*. 1984



Pezas de teatro

Segundo testemuño da súa irmá Dolores: “El era un punto e aparte de nós...Era como o xefe. Dábanos clase de francés aos irmáns... Sendo moi neno escribiera pezas de teatro que nós representábamos na casa”

A. Marco: *Foula e Ronsel*. 2020

Nutrida biblioteca

Ricardo asistía ao Colexio do Sagrado Corazón, sito nº 151 da rúa Real e dirixido polo escritor e galeguista Manuel Comellas Coimbra. Na súa nutrida biblioteca afianzou o seu amor pola literatura.



Día das Letras
Ricardo Carvalho
galegas Calero

2



Núm.

Facultad de DERECHO

«Fillo da Universidade de Compostela»

Firma del interesado.

Ricardo Carvalho Calero

Santiago 31 de Agosto de 1928



No ano 1931 licenciouse en Dereito cun expediente brillante, mais sen verdadeira vocación. Retornou a Ferrol para opositar a unha praza de funcionario público do Concello, a cal obtivo co nº 1. Ao tempo, comezou examinándose por libre de Filosofía e Letras, que rematou no ano 1935. Foto: pormenor da súa orla de licenciatura en Dereito.

Carta de identidad del Alumno de la
Facultad de Derecho

D. Ricardo Carvalho Calero

que nació el día 30 de octubre
de 1910 en Ferrol
provincia de La Coruña domiciliado en
esta ciudad, en la calle de los Brillantes
Núm. 8 piso 1º

DOMICILIO DEL PADRE O ENCARGADO

D. Ricardo Carvalho Calero
Pueblo de Compostela provincia de La Coruña
«Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que é ao mesmo tempo preparatorio de Dereito. Temos todo o ano académico para pensarmos se em definitiva havemos seguir a carreira de Filosofía e Letras, que é a que nos atrai, na nosa condición de literatos, ou a de Dereito que tem mais porvir»
Santiago, 3 de octubre de 1928

R. C. Scorpio, 1987

El interesado,

Ricardo Carvalho Calero

«Fillo da Universidade de Compostela»



Fixen em catro os cinco da carreira de Dereito, para ficar ceive ao mesmo tempo de compromisos académicos e militares.

R.C.C. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. 1989



Pertencen à primeira promoción de jurista da República. Termeinei os estudos en Junho de 1931.

R.C.C. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. 1989

Nos corredores No edificio que daquela albergaba a Facultade de Filosofía e Letras, Ricardo recibiría aulas de profesores que deixaron gran pegada na súa formación intelectual, como A. Cotarelo Valledor ou C. Pérez Bustamante. Nos corredores coñecería a gran parte dos amigos cos que confraternizou ideoloxicamente.



Líder universitario

Carvalho Calero sobresaíu tamén na actividade estudantil. Foi presidente da Asociación Profesional de Alumnos de Dereito e despois da Federación Universitaria Escolar (FUE), entre outros cargos. Non é de estrañar, pois, que fose elixido para ler o discurso inaugural do curso 1930-31.

Noivado En 1927, nas aulas de latín que impartía Abelardo Moralejo coñecéronse Ricardo e María Ignacia. Antes de rematar o curso oficializaron o seu noivado.



Panel 3

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

3

«María Silgar»



«A figura de María Silgar, a esposa, tamén escritora, ten sido decisiva na traxectoria de Carvalho Calero, e mesmo non sei se solapada, esquecida... voluntariamente, desde logo»

— M^a Victoria Carballo-Calero Ramos.
Prólogo de *Á sombra de María Silgar*
de Xulio Pardo de Neyra. 2019



María Ignacia Ramos Díez —«María Silgar»—, nada no Cádavo en 1910, foi unha estudante destacada. Cursou bacharelato no Instituto de Lugo —onde coincidiu e trabou amizade con Cunqueiro— e en 1931 licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Alí comezaría unha estreita relación sentimental, mais tamén intelectual co seu futuro marido.

Na fotografía de Bernardino González:
María Ignacia Ramos Díez e Ricardo Carvalho Calero
con outros profesores do "Centro de Ensenanza General", Ferrol.

Bernardino González
Ramos, 14
FERROL



Margarita

María Victoria

Nai de dúas fillas

Tivo dúas fillas. A primeira, Margarita, naceu ao inicio da Guerra civil, e durante os primeiros anos criouna soa, en forzada ausencia de Ricardo. A segunda, María Victoria, nacería en 1942. Ámbalas dúas fillas serían docentes, como os pais.

«María Silgar»



Pseudónimos cruzados

O 9 de marzo de 1928, como lembraban, na praia de Silgar en Sanxenxo entrelanzaron para sempre as súas vidas. Ela ficou así nomeada co seu pseudónimo literario. El asumiría o de Fernando Cadaval, en homenaxe ao lugar de nacemento de María Ignacia, o Cádavo.




■ María Ignacia e Margarita na ausencia de Ricardo, quen combatía desde o comezo da Guerra civil no bando republicano. Aínda pasarían tres anos máis levando ela soa o peso da familia.



■ Instituto Rosalía de Castro na Alameda de Santiago.

Profesora

Cunha excelente formación académica e intelectual, dedicouse profesionalmente á docencia, primeiro en colexios privados e logo en institutos. Deu aulas en Ferrol, en Lugo, e, a partir de 1967, no instituto Rosalía de Castro, onde se xubilaría como profesora de historia.



Escritora

As súas inquedanzas literarias levárona a colaborar en revistas como *Vida Gallega* ou *Grial*, onde publicou dúas series de relatos breves baixo o título *Historias da miña terra*. Poderían considerarse unha novela breve, de tipos e escenas populares.



Mulleres da Barreira

María forneceu, xunta coa súa nai e irmás, de moitas das historias d'*A Xente na Barreira*. Na escrita dese mundo rural dunha fidalguía decadente, a da propia familia Díez Ramos, ecoan esas voces femininas. A Casa-grande de S. Pedro de Ronfe, de onde descendía a familia, foi escenario da novela.

Panel 4

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

4



Ricardo
Carvalho
Calero

Sebastián
García
Paz

Luís
Pintos
Fonseca

Ramón
Otero
Pedrayo

Antón
Losada Díez

Florentino
López
Cuevillas

Vicente
Risco

Xosé
Filgueira
Valverde

Antón
Fraguas

Bibiano
Fernández
Osorio-Tafall

Isidro
Parga Pondal

Abelardo
Moralejo Laso

Xesús
Carro García

Salvador
Cabeza de León

Joaquín
Arias
Sanjurjo

Xerardo
Álvarez
Limeses

Juan
Novás
Guillán

«A forxa do meu galeguismo»



«Portenno á que as veces é chamada xeración do Seminario, porque os seus componentes temos traballado na nosa mocidade no Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923... [Moitos] nom nos explicaríamos a nós mesmos en relación a cultura galega sen referencia a o Seminario»
R. C. C. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. 1989



Membros do Seminario de Estudos Galegos en San Domingos de Pontevedra, 1928. Ricardo Carvalho, con 18 anos, a carón de escritores da Xeración Nós, entre outros galeguistas.

«A forxa do meu galeguismo»

■ Con so 21 anos Carvalho Calero formaba parte da élite intelectual de Galicia



■ **Vanguardia**
“Ten unha grande importancia a colaboración dos estudantes porque significare unha forza de vangarda e serán os encargados de gobernar o Estado galego definitivo. Eles hánse pronunciado craramente pol-a República federal Española; pol-a República federada Galega.”

Palabras de Carvalho Calero nun mitin, recollidas por *El Pueblo Gallego* o 28-04-1931.




■ **Opositores** “Os estudantes eran, en xeral, opositores a Primo de Rivera [...] O alcalde de Santiago, don Felipe Gil Casares [...] durante unha folga ordena a entrada da forza pública, o que deu orixe a un libro meu...”

M.A. Fernán-Vello / F. Pillado:
Conversas en Compostela con Carballo Calero. 1986



■ **Partido Galeguista** Carvalho Calero está no uso da palabra na única foto que se conserva da asemblea fundacional do Partido Galeguista, celebrada o 12 de decembro de 1931 en Pontevedra. “Foi o único partido ao que pertencín en toda a miña vida”

■ **Estado libre**
O Seminario de Estudos Galegos elabora en 1931, o primeiro *Anteproyeito de Estatuto para Galiza*. Os redactores foron Luís Tobío, xurista, e Carvalho Calero.



■ **Poesía galega**
En 1928 comenza a publicar poesía galega na revista *Nós*, ten dezoito anos. “Ingresei no Seminario coa lectura dun feixe de poemas dos que figura algún no meu primeiro libro de versos galegos, *Vieiros* [1931].”

C. Blanco: *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. 1989



■ Ricardo con 18 anos, foto de *Vida Gallega*, onde colabora.

Panel 5

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

5

Francisco Fernández del Riego

Amigos, 'irmáns', mestres

Ricardo Carvalho Calero

Álvaro Cunqueiro



Desde os tempos estudiantís perdurou a amizade fraternal con Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro. Lembra tamén as amizades con membros da Xeración Nós no Seminario de Estudos Galegos, as da FUE e as do Partido Galeguista, como as de Paz-Andrade, Gómez Román e Alexandre Bóveda, «do que fun amigo fraternal»

Amigos, 'irmáns', mestres

■ Nun xantar no Congreso Internacional de Etnografía de Santo Tirso, Portugal, 1963



■ **Fernández del Riego**

“Como a súa compañía, de mozos, na Alameda de Santiago, nunca me faltou del a letra na desgracia, a voz no silencio, a presenza na soidade, o alento no traballo, o apoio na angustia, unha pinga de dozura no acedume, unha moxena de lume na escuridade...”

R.C.C. Homenaxe a Del Riego. *Libros e autores galegos*. 1982



■ Investidura como Doctor Honoris Causa da Universidade de Santiago de Álvaro Cunqueiro.

■ Grupo de galeguistas na entrega dun libro homenaxe a Otero Pedrayo na súa casa en Trasalba, xuño de 1958.



■ **Álvaro Cunqueiro**

“Que sexa un amigo tan vello e tan devoto o que, en tal ensexo, en nome da Universidade te acolle [...] me permite dar o primeiro parabén ao meu amigo Álvaro, ao meu irmán Álvaro...”

R.C.C. Louvanza do doutor Cunqueiro. *Libros e autores galegos*. 1982

■ **Otero Pedrayo**

“O que Otero pode-nos dar hai que perculalo nos seus libros. O que os estude con acougo e imparcialidade atopará neles, [...] todo un senso profundo de Galicia, en primeiro termo, pois él nos ensinou a ver a Galicia dun xeito completamente novo”.

R.C.C. *Libros e autores galegos*. 1982

■ Na alameda compostelá



■ **Luís Tobío** “Entom moço jurista de grandes esperanças, estaba encarregado da Biblioteca da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago. Ali concorria eu regularmente, e naquel lugar [...] elaboramos o noso Estatuto.”


R.C.C. Para historia da ordenaçom jurídica da autonomia galega. *Agália*. 1985

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

6

«Estiven na trincheira»

Non sei
se matei.
Estiven
na trincheira.
Non vin
o meu nemigo.
Disparei.
Non sei
se matei.
Fun ferido.
Mais
non
sei
se
matei.
Toupa cega,
non teño outro ollo
que o ollo
do meu fusil.
¿Se cadra o ten visto
o meu
nemigo?
Olladas de fogo
cruzan-se entre
os dous:
eu
e o meu
nemigo.
Fun ferido.
Eu
non
sei
se
matei.



«Toda a guerra é bestial. E mais se
é uma guerra social. Eu non podo evitá-lo.
E non podo permanecer à margem.
Tenho que eleger e elegim. Estou coa
República, aínda coas súas impurezas,
pois non podo estar cos facciosos».
R .C. C. *Scórpido*. 1987

Na imaxe de fondo: trincheira
republicana na Guerra Civil.

R. C. C. *Futuro condicional* (1961-1980). 1982

«Estiven na trincheira»



■ No Quinto Rexemento

En xullo de 1936, estando en Madrid para presentarse ás oposicións do ensino, sorprendeulle a sublevación franquista. Enrolouse no Quinto Rexemento de Milicias Populares e loitou nas trincheiras, na defensa de Madrid. Tras ser ferido, participou nas Escolas Populares, en Valencia, e rematou a guerra co grao de tenente en Xaén. Foi condenado a 12 anos e un día de prisión.



■ Liberdade condicional

Cédula de Citación de Ricardo Carvalho Calero. En 1941 puido retornar a Ferrol en liberdade condicional, aínda que coa obriga de presentarse regularmente no xulgado ata a extinción da pena, en 1951.



■ Capa da revista das Escolas Populares de Valencia. 1938



■ Condena

“Regresei a Ferrol e dediquei-me ao ensino privado. Aínda que dunha forma practicamente [...] clandestina, porque non podía estar colexiado a consecuencia da condena que se me impuxera.”

M.A. Fernán-Vello / F. Pillado:
Conversas en Compostela
con Carballo Calero. 1986

■ A familia reunida na praza Maior de Lugo



■ **Afastamento** Carvalho Calero non coñeceu a súa filla Margarita ata o 26 de xuño de 1941, cando a nena estaba a piques de cumprir cinco anos. Segundo conta ela mesma, “os nosos pais procuraron que, en todo o tempo que durou o *afastamento*, a miña irmá e mais eu non nos decatásemos desas circunstancias”.

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

7

Fingoi, ar puro



«As excursõns ou viages de estudos por Galiza, realizadas os días feriadõs, permitiam aos alunos familiarizarem-se com a súa terra. A observaçom da paisage, dos tipos de cultivo, das formas de populaçom, dos monumentos arquitectónicos e das manifestaçõs da vida artesá e industrial, aspiravam a proporcionar aos escolares um coñecimento directo da realidade galega, que lhes servisse de base práctica para a comprensom das diversas facetas da realidade universal»



En 1950 tivo acceso ao seu primeiro traballo oficial como docente: o empresario e humanista Antonio Fernández López ofreceulle dirixir o Colexio Fingoi de Lugo, que desenvolvería un innovador proxecto pedagóxico. Alí pasou 15 anos de intensa actividade educativa, investigadora e literaria.

R. Carvalho Calero con alumnos do colexio Fingoi.
Na foto de fondo nunha excursión a Castromán.

R. C. C. Quince anos en Lugo. 1974 (*Letras galegas*, 1984)

Fingoi, ar puro



■ O Colexio Fingoi é obra do arquitecto galeguista Manuel Gómez Román.

■ A agra de Fingoi

“Sementada de centeio, os soutos e as carvalheiras, as gesteiras e os pinheirais rodeavan por todas partes os locais dedicados a docéncia. O Colégio, que levava o nome do seu empraçamento –um acerto do bom gosto do seu fundador– estava, pois, encravado numha zona rural, de acordo com a orientación que animava as suas actividades.”

R.C.C. Quince anos en Lugo, 1974. *Letras Galegas*. 1984



■ **Antonio Fernández** Carvalho Calero con Antonio Fernández López, fundador das principais empresas galegas do seu tempo, foi tamén un destacado filántropo da cultura galega, como o Colexio Fingoi.

■ **Granxas** “Havía parcelas assinaladas aos distintos alumnos, que eles cultivaban sob a direcçom dos seus mestres. Pitas, pombas, coelhos, porcos, enchian os currais e as granxas”



■ **Coeducaçom** “Numha época em que a legislaçom excluíra a coeducaçom, conseguimos para Fingoi o reconhecimento oficial como Centro experimental, o cal nos permitia educar conjuntamente nenos e nenas.”

R.C.C. Quince anos en Lugo, 1974. *Letras Galegas*. 1984



■ Adaptaron obras do teatro galego, coma *Os vellos non deben de namorarse*, arriba, ou clásico universal, mesmo pezas orientais, como a xaponesa *Kantán*, abaixo.



■ Especial atençom

“As danças galegas, os instrumentos músicos do noso país, o teatro em lingua galega merecérom sempre especial atençom... Consagrei umha dedicaçom particular ao teatro.”

R.C.C. Quince anos en Lugo, 1974. *Letras Galegas*. 1984

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

8

Facer cátedra

«Cando poden ser por fin nomeado catedrático universitario, era un sexaxenário» [...]

“Nas oposicións [...] cando vin que ía ser catedrático da Universidade de Santiago... produciume unha forte emoción, porque vía realizado, aínda que moi serodiamente, o destino que os mestres dos vintetantos davan como natural para min»

— M. A. Fernán-Vello / F. Pillado:
Conversas en Compostela con Carballo Calero. 1986



En 1965 converteuse no primeiro profesor de galego da Universidade de Santiago. Comezaba tardiamente a docencia universitaria, na que sería tamén, desde 1972, o primeiro catedrático do nacente Departamento de Lingüística e Literatura Galega da Universidade ata a súa xubilación, 8 anos despois.

Na imaxe de fondo: pomenor do retrato ao óleo realizado por Xavier Pousa

Facer cátedra


■ Carvalho Calero diante da Facultade de Filoloxía



Isolado e apoiado

“El sentiuse por unha parte isolado, sobre todo da Galiza oficial, académicos e demais, mais non doutro tipo de xente, da xente nova, do estudantado de Galego-Portugués. Alén do mais, a maior parte del compartía as súas teses [...].Canto máis argumentaba sobre os temas da lingua e do país, con máis apoios se sentía e máis claro vía que era o camiño.”

José Luis Rodríguez. [Adiante.gal] / Foto: Moncho Rama



Tamén forman parte da primeira promoción:

Milagros Couceiro Bueno / Xosé Luis Fernández Pérez / Ramona Giráldez Domínguez / Anxo González Guerra
Miguel Mato Fondo / César Carlos Morán Fraga / Vitoria Ogando Valcárcel / Anxo Taboada Rodríguez

■ Asinando a Cátedra. 25.03.1972.



A funzón máis esencial

“Creo que todo o mundo que dispoña de información directa sobre o particular estará de acordo en que eu prestei ao meu traballo docente unha dedicación moi estrita. Entendía que era esta a miña funzón mais esencial, a miña obra universitária na xerarquía dos deberes profesionais. En todo caso os meus alumnos e os meus libros están aí para seren valorados, para testemuñar como testemuñas de cargo ou de descargo.”

M.A. Fernán-Vello / E. Pillado: *Conversas...*1986.



Disciplina

“Todos os días, entre oito e nove da mañá [...] acede ao Mercado Velho para entrar na súa Facultade de Filoloxía. *In eremo*, reza a lenda do brasom, lembrando [...] a austeridade como de eremitório que deve reger a vida do que se exercita na disciplina eclesiástica e, segundo opinión de moitos, na propia disciplina universitaria”

R.C.C. Louvança do vinho do Ribeiro, 1980.
Letras galegas. 1984

Foto: Moncho Rama

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

9

«Sobre a nosssa línua»

«O galego,
ou é galego-português
ou é galego-castelám»



«Históricamente non habería outra ortografía que a inspirada no portugués. É indubitábel que una nivelación realista coa práctica escrita deste idioma está de acordo coas orixes e pode abrir un campo de expansión moi necesario ás nosas letras. Estamos se cadra no intre en que compra xa unha revisión da normativa à luz deses feitos».

R. C. C. A ortografía galega, *La Voz de Galicia*, 27-7-1975

Fotógrafos:
Eduardo Rodríguez Ochoa (imaxe do fondo)
e Moncho Rama



«Sobre a nosssa llingua»



Un problema político

“O problema da normativización é un problema político, sobre todo dadas as circunstancias en que se acha o galego; polo que un dictame sobre a realidade dialectolóxica actual non pode por si só configurar as bases de unha ordenación lingüística.”

Carvalho Calero, Carta a Ramón Piñeiro, 1982. Fundación Penzol.

■ Presentación do libro *Problema da Lingua Galega*. 1981



■ Carvalho Calero, M. Rodríguez Lapa, Constantino García e Ferreira da Costa, editor.



Consenso

En 1980 Carvalho Calero presidiu a Comisión que elaborou as *Normas Ortográficas do Idioma Galego*, as primeiras da nacente Xunta de Galicia. Eran unhas normas de consenso, aínda que orientadas á converxencia co portugués. Como escribían no limiar da publicación, “prevemos unha futura reorganización da ortografía do idioma, fundada en maior medida na tradición literaria e na conducta que orienta as formas lingüísticas afíns”.



Ruptura

Pero en 1982 a Real Academia Galega, presidida por Domingo García-Sabell, e o Instituto da Lingua Galega, dirixido por Constantino García, aprobaban conjuntamente unhas novas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* que rachaban o consenso e se converterían en oficiais por decreto do entón conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde. A liña dun sistema lingüístico galego-portugués defendida por Carvalho Calero ficaría marxinaada desde ese momento.

Enfoques modernos

“Proporcionar aos estudosos e aos estudantes de galego un instrumento que lles permítesse orientarse no coñecemento da lingua galega sobre a base de métodos e enfoques modernos [...] alcanzou sete edicións”

R.C.C. *Gramática elemental...* 1966



Tronco común

“Desde un punto de vista propiamente filolóxico, inda hoxe debemos falar de galego-portugués. Galego e portugués modernos non son senon dúas ponlas do vello tronco común, o romance medieval bifurcado ao xeito dunha oliveira”

R.C.C. *Sobre lingua e...* 1971.



Panel 10

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero** **10**

Emilio Álvarez Blázquez
Sebastián Martínez Risco
Ramón Piñeiro
Domingo García Sabell
Ramón Otero Pedrayo
Xesús Ferro Couselo
Manuel Gómez Román
Agustín Sixto Seco
Xaime Isla Couto
Fermin Penzol
Ricardo Carvalho Calero
Antonio Fernández López
Ramiro Isla Couto
Francisco Fernández del Riego

O autor do canon literario

A súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, publicada por vez primeira en 1963 e ampliada en 1975, foi un traballo monumental, o proxecto máis ambicioso da nosa historiografía literaria, unha referencia ineludible que serve de fonte para todos os estudos posteriores.

Na imaxe de fondo: reunión da Editorial Galaxia



O autor do canon literario



■ Telegrama á súa dona:
«Doctorado felizmente
abrazos = Ricardo»




■ Doutoramento

En 1954 doutorouse coa tese *Aportacións á literatura galega contemporánea*, traballo que serviría de base para a súa grande obra de investigación e divulgación, a *Historia da literatura galega contemporánea*.



■ Clásicos

Traballou na divulgación de clásicos dirixidos ao estudantado, como no libro *Teatro Nós*, ou o de versos de Pondal publicados por Galaxia e o seu Centro de Estudos Fingoi.



■ **Galaxia** “Estiven moi ligado a Galaxia. Foron os homes de Galaxia os que me impulsaron a escribir algúns dos libros que escribí; *Sete poetas galegos* foime solicitado por Galaxia e *Historia da literatura galega contemporánea*, e coido que tamén a *Gramática*. E continúei publicando en Galaxia moitas cousas, os *Estudos rosalianos* [...] aparezco moi en primeira liña no movemento galaxiano”

C. Blanco: *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. 1989

■ A miña Historia

“A miña *Historia da literatura galega contemporánea*, [...] foi a obra en que invertín, efectivamente, un maior número de horas de traballo e na que consumín un maior número de anos en reunir datos, consultar textos e organizar sistematicamente a materia”

C. Blanco: *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. 1989



■ Colaboración interrompida

Carvalho publicou durante vinte e cinco anos máis dunha ducia de obras en Galaxia. A comezos da década dos oitenta a colaboración queda interrompida a causa da opción normativa do galego defendida por Carvalho Calero.

Panel 11

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

11

Poeta, dramaturgo e narrador

«Dunha forma ou doutra —aínda que eu son polígrafo, xa que teño traballado en narrativa, en teatro e en ensaio—, creio que o máis íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía, até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte máis persoal é aquela que contén unha raiz lírica»

— M .A. Fernán-Vello / F. Pillado:
Conversas en Compostela
con *Carballo Calero*. 1986



«O meu traballo e o meu lecer confúndense. Organizar o meu traballo de escritor e de investigador conforme aos meus desexos [...] foi sempre a miña máxima aspiración persoal [...] Non lembro ningunha época da miña vida en que dispuxese de tempo suficiente para organizar pasatempos». Carmen Blanco:
Conversas con Ricardo Carballo Calero. 1989

Fotografías de Moncho Rama.
Na imaxe de fondo: Carvalho Calero
na Praza da Quintana de Santiago.





■ Carvalho Calero na época en que daba ao prelo a novela *Scorpio*.
Fotografía de Moncho Rama no claustro da actual
Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago.

Poeta, dramaturgo e narrador

■ **Poeta** “Creo que hai máis vitalidade, hai máis paixón, hai máis —se se me permite dicilo— autenticidade na miña poesía, desde o punto de vista humano, que pode haber nalgunhas das manifestacións poéticas dos meus compañeiros de xeración...”

F. Salinas Portugal:
Voz e silencio. Entrevista con Ricardo Carvalho Calero. 1989

■ Dramaturgo

“Eu endexamais escrivin teatro para ler. É dizer, que as miñas pezas, sexan logradas, sexan fracasadas, están escritas sempre co pensamento posto nun público.”

M.A. Fernán Vello / E. Pillado:
Conversas en Compostela con Carvalho Calero. 1986

■ Narrador

Con *A xente da Barreira* publica a primeira novela en galego tras a Guerra Civil, premio Bibliófilos Galegos en 1950. Tardaría trinta e sete anos en publicar *Scórpido*, premio da Crítica Galega en narrativa en 1987.



■ **Vieiros** “Hai, si, evidentes relacións coa vangarda, aínda que é un vangardismo bastante moderado o deste libro.”

■ **Salterio de Fingoi** “Alude ao problema da fintitude humana, ao problema da relación do home coa morte.”

■ **Futuro condicional** “Reúne o que estimei menos illexíbel da miña poesía.”

■ **Auto do prisioneiro** “Indica con maior seriedade e cun esforzo de expresión cénica máis sostido e máis profundo, un problema existencial humano.”

■ **Scórpido** “A xeración que fixo a Guerra, a xeración que se educou para a paz e tivo que afrontar os problemas correspondentes ao conflito que se desencadeou.”

Panel 12


Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

12

Aulas libres

«Pensábamos na casa que a jubilaçom ía supor-lhe un trauma. Por fortuna, non foi asím... serviulhe de estímulo o contacto com os alunos que seguiron o seu camiño e compartiron com ele as mesmas inquedanças polo porvir do noso idioma»

— María Victoria Carballo-Calero.
Meu pai na lembrança. *Agália*. 1992



Nos últimos anos da súa vida volveu a encarnar o activista que fora na súa mocidade. A xubilación, que chegara en 1980, deixoulle tempo para levar a cabo un intenso traballo de promoción cultural que desenvolve coa Asociación Galega da Língua, da que foi membro de honra, participando en congresos e impartindo innumerables conferencias por toda Galicia.

Na foto de fondo: Carvalho Calero falando nunha homenaxe da Asociación Galega da Língua a Castela. Rianxo, 1986

Aulas libres

■ Discurso inaugural no II Simpósio Internacional da Língua Galego-Portuguesa.



Galego-Portugués

“A defensa permanente da pertenza da lingua galega ao sistema galego-portugués, como matriz do mesmo, e das vantaxes da reintegración dela no seu espazo natural ten sido a súa bandeira.”

M^a Victoria Carballo-Calero:
Epilogo a *Ricardo Carvalho Calero*
Orador. [Pilar García Negro. 2020]



■ No I Congreso da Língua Galego-Portuguesa na Galiza, entre López Suevos e Manuel María. 1985



■ Carvalho Calero con Helena Albareda, Aurora Marco e Pilar Vázquez Cuesta, entre outros asistentes ao Seminario Luso-Galaico en Caminha.

Foto: Luís Afonso



Actividade acrecentada

“Na década posterior á xubilación [...] —a derradeira da súa existencia— a actividade vaise acrecentar con recompilacións da obra poética, narrativa, teatral; conferencias e discursos polos lugares máis dispersos do territorio, e unha constante atención á actualidade xurídica e sociolingüística derivada do actual réxime.

M^a Victoria Carballo-Calero:
Epilogo a *Ricardo Carvalho Calero*
Orador. [Pilar García Negro. 2020]

Foto: Luis Afonso



Terra universal

“Fago votos porque todos levedes da nossa terra e da nossa gente lembranças de lediça e de amizade [...] pois calquer lugar da terra é bom para ler um poeta universal, como Rosalia, e para lembrar umha terra universal, como Galiza.”

Discurso inaugural do Congreso Internacional Rosalia de Castro e o seu tempo. Santiago. 1985



Natural emoçom

“Defronto a tarefa que se me assinalou, sem preocupaçoms de luzimento, e desde logo coa natural emoçom em quem foi, como outros galegos comigo sobreviventes da desfeita dos tempos, amigo, colaborador e discípulo de Castelao...”

Discurso inaugural do Congreso dedicado a Castelao no centenario do seu nacemento. 1986

Panel 13

Día das **Ricardo**
letras **Carvalho**
galegas **Calero**

13

Mestre de compromisos

Halley 1910-1987

Aquel que no horizonte duas veces
enxergou o cometa, viveu muito.
Nom antecipes o teu próprio luito
Nem ao cabo te laies se esmoreces.
Eleva ao céu as mais rendidas preces,
Pois o rio cruzaste en pé enxuito [...]

R. C. C. *Reticências...* (1986-1989), 1990,
poemario póstumo, publicado un ano
despois do seu pasamento.



Desde a Universidade, pero tamén desde o activismo cultural e político, foi quen de converter a moitos dos seus alumnos en discípulos e amigos que continúan a espallar as ideas que defendeu, e o seu compromiso inesgotábel coa lingua. Fotografía: Carvalho Calero entre Aurora Marco e Avilés de Taramancos, nun acto das Letras Galegas da A.C. Cataventos de Noia, 1983.

Na foto de fondo: Carvalho Calero na recepción do Premio da Asociación da Prensa de Ferrol, 1978.

Mestre de compromisos



Membro de honra

“Entretanto várias instituições outorgam-lhe também honras: em 1981 a Academia das Ciências de Lisboa acolhe-o como membro da corporação, e tanto a Asociación de Escritores en Lingua Galega como a Associação Galega da Língua (AGAL) fazem-no membro de honra.”

José-Martinho
Montero Santalha.
[carvalhocalero2020.gal]



Foi correspondido

Membros da primeira promoción de Galego-Portugués da Universidade de Santiago de Compostela en homenaxe a Ricardo Carballo Calero, A Coruña, 14 de setembro de 2019.

Desagravo

“Nos últimos anos abundaram as homenagens à sua pessoa, em certo modo como desagravo perante o ostracismo a que se via submetido por parte do galeguismo oficial a causa das suas ideas reintegracionistas.”

José-Martinho
Montero Santalha.
[carvalhocalero2020.gal]



Fillo de Ferrol

O 7 de xaneiro de 1990, malia o avanzado da súa doenza, acude ao acto no que se lle recoñece “Fillo Predilecto de Ferrol”. Sería o derradeiro discurso do mestre, grande orador.



Homenaxe nacional

Cea-homenaxe organizada pola Agrupación cultural O Facho, a Asociación Alexandre Bóveda, AGAL, a Asociación Socio-pedagógica Galega, O Ateneo da Coruña e a Escola Dramática Galega, A Coruña, 1982.

Día das Letras Galegas
letras **Escollidos**
galegas **Escollidos**

Textos
escollidos



Evocación da infancia perdida

¿ En qué recanto do tempo
está soterrado o cadáver da miña infancia?
Da choiva rexurdadeira da lembranza
defende-o un teito de teas de araña:
a tea de araña do esquecemento,
a tea de araña da lonxanía,
a tea de araña do sufrimento:
triple teito impermeábel e rejoy.
Eu, neno, matei a miña infancia
co coitelo da miña gravidade.
No relógo adiantado da miña vida,
a agulla da miña vontade
asinalaba a hora da colleita
cando aínda non era
a hora da sementeira...

— Vieiros. 1931. *Pretérito imperfecto* (1927-1961). 1980

Día das Letras Galegas
letras **Escollidos**
galegas **Escollidos**

Textos
escollidos



Praia de Corujo

... Da miña orquestra real, azuis doncelas,
espargendo as suas testas brancas,
tangen os cons, arrolan o meu sono,
e os seus cabelos estran aos meus pes.
O sol olla-me, o sol paterno, voo
de áureo falcón inmóvel sobre a vida.
O seu ouro é o meu sange, e, lento, flui
no meu corpo solar.
Teito azul, chan enxebre, alta pirámide.
Faixa
Adobiado estou. Pechade a porta.
Poñede o selo. El, ela e eu. Só un.

— *Salterio de Fingoy*. 1961. *Pretérito imperfecto* (1927-1961). 1980

Día das Letras Galegas
letras **Escollidos**
galegas **Escollidos**

Textos
escollidos



iMeu pasado imperfecto, meu futuro

iMeu pasado imperfecto, meu futuro
condicional! Mais o presente ¿ulo?
O presente perfecto,
feliz ou desditado,
mais completo en si mesmo, mais colmado
na sua indiferente estimativa ...

— *Futuro condicional* (1981-1980), 1982

Día das Letras Galegas
letras **Escollidos**
galegas **Escollidos**

Textos
escollidos



Sabela, ao regresar da misa, pasa ergueita
e sen ollar ante a branca mansión da estrada.
E un tristeiro suspiro foge do seu acorado
peito cando, percorrendo o camiño cara
o Ajustamento, avista o portón da casa da
Barreira, cujos muros erguera don Ramón.
A casa está valeira, e vai ser alugada, ou
mercada, ou desmoronoada. Quizá o antigo
arriero erga outra casa branca sobre os vellos
alicerces. A filla de Vertudes sente unha dor
pungente no fondo do corazón. E pasa.
E hai bágoas nos seus ollos. E non ve.

— *A xente da Barreira*. 1951.
A Gente da Barreira e outras historias. 1982

Día das Letras Galegas
letras galegas
Escollidos

Textos
escollidos



E agora som um vello patrom que...

... Nacim já velho neste banco ao sol,
e aquel que outrora fum morreu em mim,
e sinto-o como um outro
que nom herdei, pois nada tenho del.

Mocidade nom tivem; som um velho
de poucos anos, que nacim assi.
Apócrifa é a história
com que alguns me encadeiam
às alegres tristezas de um passado
de harmonioso furor primaveral.

Sentado neste banco, tam só espero
que de mim mesmo brote o sono. Aquela
moça que se detém perante mim
—talvez onte ao meu lado se sentava—,
estorva-me hoje, e a seguir convido-a
a sua via, pois furta-me o sol.

— Reticências ... (1986-1989). 1990

Día das Letras Galegas
letras galegas
Escollidos

Textos
escollidos



Eu, autor do romance de Scórpio, respeitaria a sua problematidade, nom trataria de explicá-lo todo; mais bem reuniria testemunhos diversos a propósito da sua personalidade, que confluíssem e alumiassem de distintos ângulos a figura central. Nunca me meteria directamente no interior do protagonista. Este nunca falaria de si mesmo. Seriam os demais, os seus parentes, os seus amigos, os que nos falariam del, do seu povo, da sua família, dos seus amigos; e assi se iria configurando umha figura, e assi se iriam ordenando os acontecimentos de umha vida, mediante umha espécie de enquisa que aportasse dados plurais, por que nom contraditórios.

— Scórpio. 1987

Día das Letras Galegas
letras galegas
Escollidos

Textos
escollidos



Anjo de terra

Anjo de terra, de cobarde argila,
que co teu po queres rubir ao ceo.
Entre o verde e o azul fas o teu niño.
Da nube e do piñeiro pendurado,
arrandeando entre o que foge e dura.
Ao teu jugo junguir a Deus tencionas;
Deus traducido à tua língua de area.
Polo doce camiño do que morre,
procuras o relanzo do non nado

— Anxo de Terra. 1950. Pretérito imperfecto (1927-1961). 1980

Día das Letras Galegas
letras galegas
Escollidos

Textos
escollidos



Madrigal a Rosalía

A ti, sombra perdida, espírito pervagante,
que entre néboas de alén andas errante.
A ti, clara voz morta, ollos feridos,
pazo esquecido, outono lonjano, chuvia
aceda sen lecer, sibila chorosa; a ti que tes
o corazón de lua traspasado,
nas mans tremor de maina bris que ri,
as fazulas aradas pola dor
-oh estadea de bágoas sen fin-
e na fronte un fantasma aluarado:
a ti,
de min,
aos pes,
a flor
dun silêncio ajoellado.

— O silêncio ajoellado. 1934. Futuro condicional (1961-1980). 1982

Día das Letras Galegas
15 de maio

Textos
escollidos



Sobre a situación do galego

O porvir do galego, pois, está na sua coordenaçom com as demais polas do velho tronco galego-português. Se, segundo queren os separatistas, se obstinassem en permanecer isolado do português, as suas probabilidades de sobrevivência seriam escasas, e, a longo prazo, nulas. [...] Generosas subvençoes podiam manter em certas zonas rurais umha arcaica situaçom, de jeito que os habitantes dessas reservas, que tamém poderiam vestir os seus trajes típicos e bailar as suas danças peculiares, falassem assi mesmo a nossa velha língua, ao menos cando fossem visitados polos turistas ou os antropólogos interessados pelas formas ancestrais do folclore.

Sobre a situaçom do galego, 1986. *Do galego e da Galiza*. 1990

Día das Letras Galegas
15 de maio

Textos
escollidos



A fortuna histórica do galego

Podemos [...] imaginar umha Galiza que nom fale galego. Por exemplo, umha Galiza absolutamente castelhanizada. Ou, se querenos pensar numha situaçom menos radical, umha Galiza onde o galego seja respeitado, mas nom promovido. Ou mesmo umha Galiza onde o galego seja considerado como umha reliquia histórica, ou como umha típica modalidade folclórica que a fins turísticos convenha conservar. [...] Mas hai umha tradiçom, segundo expuxemos, que aspira a outra fortuna para o galego. Essa tradiçom [...] propugna o galego como língua de Galiza. Para os que nos educamos nesse ambiente, nom hai outra fórmula satisfactoria. Nom vemos a Galiza falando noutra língua que o galego.

A fortuna histórica do galego, 1980. *Da fala e da escrita*. 1983

Día das Letras Galegas
15 de maio

Textos
escollidos



Auto do prisioneiro (Escea VII)

O PRISIONEIRO — Señor Oficial, quixera outer unha audiencia do Director.

O OFICIAL — ¿Para formular unha queixa?

A comida ¿non é boa? A calefaición ¿insuficiente?

O toque de diana ¿intempestivo? O Gardián

¿irrespetoso?

O PRISIONEIRO — En nada deso reparo.

Pero necesito falar co Director.

O OFICIAL — Se non ten vostede queixa

algunha que formular, ¿para qué

quer vostede falar co Director?

O PRISIONEIRO — Para comprobar que existe

un Director.

O OFICIAL — Meu querido hospede, ¿non ouserva

vostede a existencia dunha direición?

O PRISIONEIRO — ¿Unha direición?

O OFICIAL — Efeitivamente, unha direición,

unha ordeación, un sistema. As cousas

non acontecen ao chou. Vostede está sometido

a unhas obrigas. A súa liberdade ten uns límites. Hai

un horario que rexe a súa vida.

Logo hai unha direición.

O PRISIONEIRO — Pero ¿hai un Director?

O auto
do prisioneiro.
Catro pezas. 1971

Día das **Ricardo** letras **Carvalho** galegas **Calero**

Unha exposición organizada
pola **Deputación da Coruña**.
Normalización Lingüística



Documentación:
Carmen Martín +
Segundo Saavedra
[**RdO Cultural**]

Deseño gráfico:
Pepe Barro

Tratamento de imaxe
e montaxe:
Sebastián
Rodríguez Outeda
[**Expo.gal**]

Esta exposición non se realizaría sen a colaboración
das seguintes institucións e persoas. A todas,
o noso máis recoñecido agradecemento:

Biblioteca
Parlamento de Galicia
Arquivo Colexio Fingoi

Biblioteca
Municipal de Ferrol
Fundación Penzol

Biblioteca de Galicia
Biblioteca Museo
do Pobo Galego
Sermos Galiza

Arquivo familiar
Lourdes Courtier
Ramos

E especialmente a
Arquivo familiar
Margarita Carballo Ramos
María Victoria
Carballo-Calero Ramos

Pilar García Negro
Fernando Noguera
Siña Fernández
María Casar
Pepa Castro
Esperanza Porto
Rosa Méndez
Marina Nistal
Xosé Luís Pastoriza
E especialmente a
Tareixa Roca e M.C.



Deputación
DA CORUÑA